



CONCELLO  
DA  
POBRA DO CARAMIÑAL  
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

## PROPOSTA DE ALCALDÍA

Un grupo de veciños e veciñas que residen actualmente na rúa 1 Angustia nos números 106, 108, 110, 114, 116, 118, que son os últimos de dita rúa, presentou diante desta alcaldía un escrito solicitando o cambio de nome para o tramo de rúa onde se sitúan as súas vivendas, proponendo que pase a denominarse Rúa A Mercede.

Dito topónimo, A Mercede, forma parte da toponimia do noso concello, referíndose á parte do territorio que se relaciona coa praia do mesmo nome, tal como ven recollido na cartografía do Instituto Xeográfico Nacional, na que as vivendas figuran englobadas na Mercede e Punta da Mercede. Sendo o desexo dos veciños recuperar dita denominación e non tendo inconveniente esta Alcaldía en que a Rúa A Mercede se inicie no actual número 106 Rúa 1 Angustia e se prolongue ata os límites do núcleo da Ribeiriña, e tendo en conta ademais que non varía a numeración da rúa 1 Angustia.

E por elo que esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** aceptar a proposta dos veciños e que as vivendas sitas na actualidade na rúa 1 Angustia nº 106, 108, 110, 112, 114, 116 e 118, pasen a ser incluídas na Rúa A Mercede cos números: 2, 4, 6, 8, 10, 12 e 14.

**SEGUNDO:** dar traslado do acordo ás persoas interesadas, á Oficina de Correos, ao departamento do Padrón Municipal de Habitantes para a súa inclusión no Instituto Nacional de Estatística, e ao Rexistro da Propiedade.

A Pobra do Caramiñal, a data da sinatura dixital,

O Alcalde